

**REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE  
NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA  
CORPORACIÓN DA RTVG**

Día: 30.03.2017      Hora: 10:30

22 MAR. 2017

Núm. 2031

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 30 de marzo de 2017, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto único. Preguntas orais en Comisión**

- 1.1 3961 (10/POC-000679)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Vázquez Verao, Paula  
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar as repercusións, para os profesionais do sector galego da dobraxe, das bases do concurso para a contratación do servizo de produción de dobraxe en lingua galega  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 59, do 03.02.2017*
- 1.2 5208 (10/POC-000893)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis  
Sobre os datos referidos á programación e aos contidos emitidos pola RTVG durante o ano 2016 para promover a igualdade entre homes e mulleres, así como as medidas implementadas pola CRTVG nos últimos anos para ese fin  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70, do 21.02.2017*
- 1.3 5362 (10/POC-000930)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis  
Sobre as iniciativas desenvolvidas no ano 2017 para mellorar a xestión da CRTVG no ámbito da responsabilidade social corporativa, a valoración do Goberno galego ao respecto e as novidades que se van implantar no futuro nese eido  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 76, do 02.03.2017*
- 1.4 6194 (10/POC-001078)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Blanco Rodríguez, Noela  
Sobre os criterios seguidos pola RTVG para non emitir información en

relación coa comparecencia xudicial do presidente do Consello Consultivo de Galicia o día 20 de decembro de 2016

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 84, do 16.03.2017*

1.5

6413 (10/POC-001114)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a valoración da Dirección Xeral da CRTVG en relación co baixo nivel de audiencia acadado pola TVG-2 no mes de febreiro de 2017, as súas causas, así como as medidas previstas para a súa mellora e impulso da súa programación

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 84, do 16.03.2017*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2017

Aurelio Alfonso Núñez Centeno  
Presidente da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 22/03/2017 13:58:30**

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

|                                 |    |
|---------------------------------|----|
| Presidente                      |    |
| Aurelio Alfonso Núñez Centeno   | P  |
| Vicepresidenta                  |    |
| María Ángeles Antón Vilasánchez | P  |
| Secretaria                      |    |
| Paula Vázquez Verao             | EM |

## Vogais

|                                   |     |
|-----------------------------------|-----|
| Luis Manuel Álvarez Martínez      | S   |
| Raquel Arias Rodríguez            | P   |
| Silvestre José Balseiros Guinarte | P   |
| Noela Blanco Rodríguez            | S   |
| María de los Ángeles Cuña Bóveda  | EM  |
| Jacobo Moreira Ferro              | P   |
| María Guadalupe Murillo Solís     | P   |
| Olalla Rodil Fernández            | BNG |
| Moisés Rodríguez Pérez            | P   |

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 30.03.2017                      Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 30.03.2017                      Hora: 10:30

Orde do día

1.1        3961(10/POC-000679)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar as repercusións, para os profesionais do sector galego da dobraxe, das bases do concurso para a contratación do servizo de produción de dobraxe en lingua galega

*Publicación da iniciativa, 59, 03.02.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG.

O sector da dobraxe en Galiza nace a principios dos anos oitenta e recibe o seu maior pulo co nacemento da televisión galega. Hoxe, a TVG conta co traballo que desenvolven máis de douscentos profesionais e sete empresas provedoras no campo da dobraxe en idioma galego.

APRADOGA, única asociación profesional de dobraxe na Galiza, cualifica as bases do concurso para a contratación do servizo de produción de dobraxe en lingua galega como o golpe definitivo aos seus dereitos laborais.

A xuízo de APRADOGA o expediente de contratación contén graves eivas:

- Incorpora dous novos provedores nun sector xa precario e que ano a ano ve reducidas as horas de dobraxe licitadas pola TVG.
- A diferenza de porcentaxe entre o primeiro e o segundo provedor posibilita posicións de forza no mercado.
- Non pondera suficientemente o criterio de calidade.
- No proceso licitador existe unha discriminación entre as e os traballadores de empresa contratados por meses (persoal laboral administrativo e técnico) e os que a empresa contrata por obra (persoal da rama artística). A pesar de que a condición decimoterceira do prego de condicións di que “se valorará a relación de directores e actores de dobraxe acreditada a través de cartas de compromiso”, non consta que na resolución do concurso se valore de ningún xeito aos profesionais da dobraxe.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/01/2017 17:48**  
**Nº Rexistro: 3961**  
Data envío: 23/01/2017 17:48:06.927



Por todo o exposto, a deputada que subscribe, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta pola Comisión da CRTVG:

1. Vai reducir o número de provedores a cinco ata que se teña previsión dun aumento do número de horas de dobraxe que xustifique a súa ampliación?
2. Vai reducir a ponderación dos medios técnicos e humanos, así como o volume de produción dos criterios de valoración, aumentando, en paralelo, a porcentaxe na ponderación dos criterios de calidade?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2017.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Veroa na data 23/01/2017 17:47:36**



Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 30.03.2017                      Hora: 10:30

Orde do día

1.2      5208(10/POC-000893)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre os datos referidos á programación e aos contidos emitidos pola RTVG durante o ano 2016 para promover a igualdade entre homes e mulleres, así como as medidas implementadas pola CRTVG nos últimos anos para ese fin

*Publicación da iniciativa, 70, 21.02.2017*



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Luis Manuel Alvarez Martínez**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

A violencia contra as mulleres é un problema social, de graves consecuencias para o conxunto da sociedade con efectos perversos para as afectadas, que ven gravemente prexudicada a súa saúde integral e o seu desenvolvemento persoal, profesional, económico e laboral.

Abordar o fenómeno da violencia machista sitúanos ante unha problemática de carácter estrutural, de gran complexidade, para cuxa resolución se fai necesario un novo escenario político e social que promova os valores igualitarios e democráticos, as liberdades e os dereitos fundamentais, así como a garantía efectiva da igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes.

O movemento feminista e as actuacións políticas son fundamentais na loita contra a violencia machista, pero a cidadanía non coñece o problema a través de activistas ou de políticos, senón dos medios de comunicación.

Os medios, a publicidade e, en definitiva, o valor da imaxe como reprodutora ou eliminadora de estereotipos sexistas debe velar por unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das mulleres e dos homes nos medios de comunicación e na publicidade. Os principais problemas nesta materia detectados son o uso de imaxes e linguaxe sexistas, o menoscabo da dignidade das mulleres, e a reprodución de roles e estereotipos de xénero. Para acadar o obxectivo dunha imaxe igualitaria e non estereotipada de homes e mulleres resulta imprescindible contar coa complicidade e colaboración das persoas directamente involucradas na comunicación e na publicidade: profesionais, persoas consumidoras, estudantes das titulacións relacionadas e, como non, os principais medios de comunicación do ámbito galego que, co seu compromiso e exemplo, se sitúen na vangarda da creación de novos modelos para a igualdade.



 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Neste senso, dende o Grupo Socialista consideramos que os medios de comunicación públicos de Galicia teñen un papel fundamental na promoción da sensibilización a prol da igualdade efectiva entre mulleres e homes, co obxectivo de remover os valores, actitudes e estereotipos que sustentan un clima social tolerante coa desigualdade, así como con calquera acción ou inacción que teña como consecuencia un acto discriminatorio ou violento por razón de xénero, afianzando a toma de conciencia da sociedade sobre a necesidade de traballar na consolidación dun modelo social máis igualitario.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal foi durante o ano 2016 a programación (desagregada por medio) dedicada á promoción da igualdade entre homes e mulleres da radio e televisión públicas galega?
2. En que horarios se emitiu dita programación?
3. Cal foi a audiencia deses espazos ou programas?
4. Qué medidas ten implementado durante os derradeiros anos a CRTVG para potenciar nos seus espazos e programas a presenza dunha imaxe igualitaria, así como a eliminación do uso de imaxes e linguaxe sexistas, o menoscabo da dignidade das mulleres, e a reprodución de roles e estereotipos de xénero?
5. Cal foi durante o ano 2016 o número de contidos (desagregado por medio), de inclusión do teléfono 016 nas informacións da Radio Galega e da Televisión de Galicia sobre casos de violencia machista, para favorecer a prevención e detección precoz de situacións de risco?
6. Que audiencia tiveron os espazos ou programas nos que se incluíu o teléfono 016?
7. Cal foi durante o ano pasado o número de contidos (desagregado por medio), emitidos na Radio Galega e na Televisión de Galicia de noticias, de reportaxes e programas que promoveran o cambio cultural e de valores en relación coa igualdade de xénero?
8. Que audiencia tiveron as noticias, de reportaxes e programas os espazos ou programas nos que se emitiron contidos que promoveran a igualdade de xénero?
9. Cal foi durante o ano 2016 o número de contidos publicados na canle temática da web da CRTVG que reúne os contidos emitidos pola



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/02/2017 16:30  
Nº Rexistro: 5208  
Data envío: 15/02/2017 16:28:21.072



 Grupo Parlamentario

Televisión de Galicia relacionados coa igualdade de xénero?  
10. Cal foi o número de visitas rexistradas nesta canle temática durante o ano 2016?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
María Luisa Pierres López  
Luis Manuel Alvarez Martínez  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 15/02/2017 16:22:19**

**María Luisa Pierres López na data 15/02/2017 16:22:25**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 15/02/2017 16:22:29**

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 30.03.2017                      Hora: 10:30

Orde do día

1.3        5362(10/POC-000930)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre as iniciativas desenvolvidas no ano 2017 para mellorar a xestión da CRTVG no ámbito da responsabilidade social corporativa, a valoración do Goberno galego ao respecto e as novidades que se van implantar no futuro nese eido

*Publicación da iniciativa, 76, 02.03.2017*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/02/2017 16:30  
Nº Rexistro: 5362  
Data envío: 17/02/2017 14:26:00.268

### Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, María Encarnación Amigo Díaz, Marian García Miguez, Silvestre José Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Guadalupe Murillo Solís, Aurelio Nuñez Centeno, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión**.

As políticas de Responsabilidade Social Corporativa (RSC) da CRTVG fórmulanse e séguense a través do Pacto Mundial das Nacións Unidas, do que a CRTVG é membro desde 2011 e que establece dez principios xerais de cumprimento en materia laboral, medioambiental e de loita contra a corrupción.

Esta pertenza ao Pacto Mundial implica a elaboración, con carácter anual, do denominado *Informe de Progreso* por parte da CRTVG que, entre outras cuestións, se encarga de seleccionar os grupos de interese máis relevantes da entidade, identificar os desafíos máis significativos para os grupos de interese seleccionados e neutralizar riscos e materializar as oportunidades en cada un dos obxectivos marcados

A maiores, o ente público ten subscrito outras iniciativas de autorregulación, como o portal de Transparencia, que tamén compoñen un claro expoñente do seu compromiso coa Responsabilidade Social Corporativa.

En relación con este asunto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.- Que iniciativas se desenvolveron na presente anualidade para contribuír a mellorar a xestión da CRTVG no ámbito da Responsabilidade Social Corporativa?



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/02/2017 16:30  
Nº Rexistro: 5362**  
Data envío: 17/02/2017 14:26:00.268

2.- Que valoración fai a administración autonómica do desenvolvemento das políticas de Responsabilidade Social Corporativa no que respecta á CRTVG?

3.- Que novidades teñen previsto implantarse no futuro para seguir avanzando no ámbito da Responsabilidade Social Corporativa na CRTVG?

Santiago de Compostela, 17 de Febreiro de 2.017.

**Asinado dixitalmente por:**

**Raquel Arias Rodríguez na data 17/02/2017 14:21:56**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 17/02/2017 14:22:24**

**María Ángeles García Míguez na data 17/02/2017 14:22:36**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 17/02/2017 14:23:18**

**Moisés Blanco Paradelo na data 17/02/2017 14:23:33**

**María Guadalupe Murillo Solís na data 17/02/2017 14:23:46**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 17/02/2017 14:23:57**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 30.03.2017                      Hora: 10:30

Orde do día

1.4        6194(10/POC-001078)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre os criterios seguidos pola RTVG para non emitir  
información en relación coa comparecencia xudicial do  
presidente do Consello Consultivo de Galicia o día 20 de  
decembro de 2016

*Publicación da iniciativa, 84, 16.03.2017*





Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión Permanente de Control da CRTVG.

Na última comparecencia do director xeral da RTVG no Parlamento, invitounos a consultar a *web* da corporación para analizar as informacións emitidas sobre o presidente do Consello Consultivo de Galicia. Despois de proceder a dita análise, o PSdeG-PSOE vese na obriga de denunciar un novo caso de censura informativa que se suma á manipulación sistemática na RTVG.

O presidente do Consello Consultivo de Galicia foi declarar ao xulgado o pasado 20 decembro en calidade de investigado. Estamos a falar do presidente do máximo órgano de control da legalidade en Galicia. A citación tratábase dun acto xurídico formal, non era unha filtración; acto que foi recollido nos medios de comunicación galegos; e que tivo publicidade previa. É máis, o día anterior a súa citación no xulgado, o propio presidente do Consello Consultivo foi interpelado por ese asunto cando compareceu como ponente na Comisión de Control celebrada no Parlamento galego.

Inexplicablemente, a RTVG non emitiu ningunha información sobre esa comparecencia xudicial, unha nova acción de censura informativa que merece unha explicación pública do director xeral.

A gravidade dos feitos aínda aumentaría posteriormente cando, tal e como denunciámos na anterior sesión de control, volveu ser vetada unha nova información xudicial que prexudicaba ao presidente do Consello Consultivo de Galicia, por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Cal foi o criterio da RTVG para vulnerar as súas obrigas informativas como medio público galego e vetar a información que afectaba á comparecencia xudicial do presidente do Consello Consultivo de Galicia?



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/03/2017 16:31**  
**Nº Rexistro: 6194**  
Data envío: 07/03/2017 16:31:27.567



---

**Grupo Parlamentario**

Pazo do Parlamento, 7 de marzo de 2017

---

**Asinado dixitalmente por:**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 07/03/2017 16:26:41**

**Noela Blanco Rodríguez na data 07/03/2017 16:26:55**

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 30.03.2017                      Hora: 10:30

Orde do día

1.5        6413(10/POC-001114)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a valoración da Dirección Xeral da CRTVG en relación co  
baixo nivel de audiencia acadado pola TVG-2 no mes de  
febreiro de 2017, as súas causas, así como as medidas  
previstas para a súa mellora e impulso da súa programación

*Publicación da iniciativa, 84, 16.03.2017*



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/03/2017 16:35**  
**Nº Rexistro: 6413**  
Data envío: 09/03/2017 16:35:15.708

### Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da Corporación da RTVG.**

A TVG rexistrou a través da súa primeira canle unha cota de pantalla no mes de febreiro do 10,9% o que a sitúa como a segunda máis vista na Galiza. Así as cousas, a TVG-2 non consegue alcanzar nin unha mínima parte desa audiencia obtendo nese mesmo mes o 0,7%.

Neste senso, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de control da Corporación da RTVG:

1. Como valora a Dirección Xeral da CRTVG a audiencia da TVG-2?
2. Cal cre que son as razón polas que rexistra unha cota de pantalla tan baixa?
3. Que investimento recibe esta canle?
4. Que programación se emite por esta canle?



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/03/2017 16:35**  
**Nº Rexistro: 6413**  
Data envío: 09/03/2017 16:35:15.708

5. Que medidas prevén adoptar para mellorar a cota de pantalla e impulsar a programación da TVG-2?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/03/2017 16:34:16**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/03/2017 16:34:29**

**Ana Pontón Mondelo na data 09/03/2017 16:34:33**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 09/03/2017 16:34:37**



**BNG**  
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/03/2017 16:35**  
**Nº Rexistro: 6413**

Data envío: 09/03/2017 16:35:15.708

**María Montserrat Prado Cores na data 09/03/2017 16:34:40**

**Xosé Luis Bará Torres na data 09/03/2017 16:34:42**